
Premio á innovación empresarial Gerardo García Campos

- Actualizado (18.10.2006)

A Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia convoca o premio “Gerardo García Campos” á mellor iniciativa empresarial no sector TIC 2006, patrocinado pola FUNDACIÓN ENXEÑEIRO GERARDO GARCÍA CAMPOS.

Coa concesión deste premio preténdese dar un impulso económico, empresarial e social a aquelas empresas que están a comezar a súa andaina. A convocatoria farase pública na páxina web <http://www.aetg.org>, no Diario Dixital, así como nas notas de prensa que se remitirán aos distintos medios de comunicación.

Obxectivo do premio:

O obxectivo do premio é recoñecer un proxecto empresarial emerxente no ámbito das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, TIC.

Dotación do premio:

A dotación do premio é de 6.000 Euros.

Máis información: [Descarga do díptico \[.pdf\]](#)